

Foro de debate

INTERVIR NO PATRIMONIO EDIFICADO, INCORPORAR O PASADO AO FUTURO

3. A regulación das intervencións sobre o patrimonio edificado de Galicia. Entre as regras legais e a aplicación discrecional

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
23 de novembro de 2026

Consello da Cultura Galega

O patrimonio edificado constituído polos inmobles aos que se lles recoñece valor cultural —que a Lei de patrimonio cultural de Galicia denomina patrimonio arquitectónico— require actuacións dirixidas á súa conservación e a manter a súa integridade e autenticidade, pero tamén é obxecto de intervencións de restauración e rehabilitación orientadas á súa recuperación ou a adaptacións que permitan manter o uso preexistente ou incorporar novos usos, como medio para facer viable a súa continuidade no tempo.

O foro «Intervir no patrimonio edificado. Incorporar o pasado ao futuro» trata precisamente desa continuidade e de como facela posible: como intervir, quen intervén, e quen e como decide que conservar, suprimir, engadir ou modificar.
A intervención no patrimonio edificado suscita cuestións complexas que afectan tanto aos criterios de actuación como aos métodos de traballo e aos marcos normativos que os regulan.

En primeiro lugar, a conservación e a restauración responden a obxectivos e metodoloxías diferentes, aínda que complementarias. Mentres a conservación busca preservar os valores do ben e evitar a súa perda ou deterioración, a restauración ten como finalidade favorecer a súa comprensión, mantendo, na medida do posible, a autenticidade e a integridade dos seus valores estéticos e históricos. Neste ámbito xorden cuestións como os límites da intervención, a reversibilidade das actuacións, a lexitimidade das supresións ou a relación entre unha restauración discreta, centrada na preservación da integridade do ben, e outra máis activa, na que adquiren maior protagonismo o xesto arquitectónico e as necesidades de uso.

En segundo lugar, a adaptación do edificio para manter ou incorporar usos require, en moitos casos, ir máis alá da conservación estrita e da restauración. A rehabilitación implica responder a novas esixencias funcionais, técnicas e de habitabilidade, o que obriga a procurar un equilibrio entre a preservación dos elementos que garanten a autenticidade do ben e a transformación daqueles que precisan adaptarse ás novas necesidades. Trátase, en definitiva, de compatibilizar a conservación dos valores patrimoniais coa continuidade do edificio como espazo útil e habitado.

En terceiro lugar, a complexidade destas intervencións fai imprescindible un coñecemento pluridisciplinario. Porén, a colaboración entre as distintas disciplinas non pode limitarse a delimitar as competencias de cada profesional, senón que debe traducirse nunha práctica coordinada e consensuada, capaz de integrar os distintos saberes ao longo de todo o proceso, desde a análise inicial ata a execución e avaliación das actuacións.

En terceiro lugar, a complexidade destas intervencións fai imprescindible un coñecemento pluridisciplinario. Porén, a colaboración entre as distintas disciplinas non pode limitarse a delimitar as competencias de cada profesional, senón que debe traducirse nunha práctica coordinada e consensuada, capaz de integrar os distintos saberes ao longo de todo o proceso, desde a análise inicial ata a execución e avaliación das actuacións.

Finalmente, a regulación legal destas intervencións, formulada necesariamente con vocación de xeneralidade, debe permitir a consideración das particularidades de cada caso. Para iso, recorre a conceptos xurídicos indeterminados que precisan ser concretados polos responsables da súa aplicación e que lles outorgan unha marxe significativa de discrecionalidade. Esta circunstancia fai especialmente relevante a reflexión sobre a interpretación das normas, os criterios que orientan as decisións e a responsabilidade de quen as aplica.

Os criterios de intervención, a integración harmónica de diversas áreas de coñecemento e a aplicación das normas constitúen os tres eixes temáticos arredor dos que se organizan as xornadas deste foro.

• PRIMEIRA XORNADA · 9 de novembro
Criterios e metodoloxías de intervención sobre o patrimonio edificado de Galicia. Conservar, restaurar, rehabilitar

• SEGUNDA XORNADA · 16 de novembro
Proxectar e executar intervencións sobre o patrimonio edificado de Galicia. Da multidisciplinariedade á transdisciplinariedade

• TERCEIRA XORNADA · 23 de novembro
A regulación das intervencións sobre o patrimonio edificado de Galicia. Entre as regras legais e a aplicación

Cada xornada estrutúrase seguindo o mesmo formato, unha conferencia, para a que contaremos coa participación de tres persoas de recoñecida traxectoria nos ámbitos temáticos abordados; unha mesa temática con convidados e convidadas procedentes de diferentes institucións, entidades e colectivos, e unha mesa de debate con representantes de organismos, institucións, programas formativos ou entidades vinculadas á temática da xornada.

Programa

Sesión da mañá

9:30 horas
Presentación

10:00 horas
Conferencia maxistral
Leonardo Sánchez-Mesa Martínez, profesor titular de Dereito Administrativo, Universidad de Granada

11:00 horas
Descanso

11:15 horas
Conferencia-presentación
Coordinación da actividade
A regulación en Galicia das intervencións sobre o patrimonio inmoble: estado da cuestión

11:35 horas
Mesa temática
• **Isabel Novo Castro**, asesora xurídica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
• **Carlos Abuín Flores**, letrado da Xunta de Galicia, especialista de sala
• **Juan Naveira Seoane**, arquitecto e xefe do Servizo de Coordinación Cultural do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
• **María José Valenzuela Rodríguez**, técnica de administración xeral da Administración local
• **Lorena González García**, arquitecta / Agrupación galega de arquitectas e arquitectos nas Administracións Públicas (AGAAP-COAG)

13:40 horas
Quenda de preguntas

Sesión da tarde

17:00 horas
Mesa de debate
Representantes

• **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural**, Xunta de Galicia
• **Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia**, **Natalia Alvaredo López**, vogal da Xunta de Goberno
• **Máster Universitario en Rehabilitación Arquitectónica**, Universidade da Coruña, **Manuel Freire Tellado**
• **Federación Galega de Municipios e Provincias** (FEGAMP), **Alberto González Fernández**, alcalde de Valdoviño
• **Dirección Xeral de Urbanismo**, Xunta de Galicia, **María Encarnación Rivas Díaz**, directora xeral
• **Asociación Profesional de Conservadores Restauradores de España** (ACRE), **Fernando Carrera Ramírez**

Coa incorporación dos relatores e relatoras da sesión da mañá, dos representantes do CCG nos órganos asesores en materia de patrimonio cultural, dos membros da Sección de Patrimonio e Bens Culturais e do público asistente.

Organiza
Consello da Cultura Galega
Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)

Coordinación
Carlos A. Amoedo Souto
Rosa Benavides García
Rebeca Blanco Rotea
Teresa Nieto Freire

Lugar
Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202

Inscrición
A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información
www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en http://consellodacultura.gal

Imaxe da portada: Rebeca Blanco-Rotea, estudos arqueolóxicos para a elaboración do proxecto de restauración da fachada de Praterías (maio, 2020). Traballos encargados polo IPCE.

Organiza:

Consello da Cultura Galega